

Guión: **CARLOS PORTELA**

Ilustracións: **SERGI SAN JULIÁN**

Prólogo: **MANUEL RIVAS**

Entrevista: **ÁLVARO PONS**

Encadernado en cartoné 16,5x23 cm.

Cómic. 104 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:

-Galego: "A conta atrás". ISBN 978-84-96957-16-9

-Castelán: "La cuenta atrás". ISBN 978-84-96957-15-2

Prezo: 15 €

A CONTA ATRÁS

Transcorreu un ano desde a marea negra. Otero, conselleiro do goberno autonómico, presenta aos medios de comunicación unha campaña propagandística que anuncia a limpeza total das praias e a recuperación do sector pesqueiro.

A campaña é, en realidade, un exercicio de manipulación informativa no que interveñen políticos e xornalistas. Con Otero, coñecemos o resto dos personaxes desta historia: unha ambiciosa presentadora de televisión, un pescador en paro, un mariñeiro que fixo negocio da desfeita ecolóxica, un redactor desencantado e un activista a favor do voluntariado.

"A conta atrás" é unha viaxe no tempo. Arrinca un ano logo dunha marea negra e vai repasando en sentido inverso, indo cara atrás, a historia do desastre ata chegar a como era a vida dos protagonistas antes do naufraxio... Unha viaxe que afonda nos porqués das cousas.



- **Temática:** novela gráfica inspirada na catástrofe do Prestige
- **Idade recomendada:** adultos
- **Aspectos destacables:** historieta contada a modo de 'flash-back'; ilustracións descritivas e dinámicas; crítica dos feitos posteriores ao afundimento do petroleiro dende o punto de vista político, mediático e social; inclúe unha entrevista cos autores

FAKTORÍA K presenta esta novela gráfica para adultos, inspirada no desastre ecolóxico que máis ríos de tinta fixo correr nos últimos anos. Vén apadriñada co prólogo do escritor Manuel Rivas e inclúe unha entrevista ao guionista e ao ilustrador realizada por Álvaro Pons, crítico especializado en cómic.

Destaca a orixinalidade do guión, pola elección do 'flash-back' como modo narrativo e pola estrutura circular da historieta, que terá continuidade cunha segunda parte. Mais tamén resalta a calidade artística das ilustracións, detallistas, dinámicas e expresivas, debedoras do estilo cinematográfico.

CARLOS PORTELA (Vigo, 1967)

Guionista, subdirector do Salón de Cómic 'Viñetas desde o Atlántico' que se celebra na Coruña e analista de banda deseñada desde 1983, data na que fundou o fanzine 'Interlinea'. Foi guionista e presentador do programa 'Xabarín Club' na TVG, onde traballou como director creativo de promocións. Entre outras obras, asinou a segunda etapa de 'Gorka', onde colaborou con Sergi San Julián. Ten participado en varias publicacións especializadas en cómic e con editoriais francobelgas. Entre os seus traballos máis recentes figura a recuperación do personaxe de 'Esther', con debuxos de Pura Campos, que publica Glénat. Tamén é guionista de cine e televisión, medio para o que escribiu máis de 200 episodios de series.

SERGI SAN JULIÁN (Barcelona, 1973)

Estudou na Escola d'Arts i Oficis de Barcelona; considerado un dos mellores expoñentes actuais da ilustración de cómic, dende 2004 a súa traxectoria artística está ligada ao mercado francés. É o creador de personaxes como 'Gorka' e debuxante da colección 'Fanhunter'. Traballou para diversos xornais e revistas realizando tiras políticas. Ilustrou a serie de ciencia ficción 'Interface', publicada na editorial Dargaud, e colaborou cos estudos Comicon, dos que saíron á luz as obras 'Totally Spies' e 'TechnoMage'.